



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ALEJO ORDOÑEZ MÉNDEZ SECRETARIO DO TRIBUNAL AVALIADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE 2 ANIMADORES TURÍSTICO PARA A OFICINA DE TURISMO DENTRO DO PLAN CONCELLOS: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2021.

CERTIFICA: Que por unanimidade dos membros do Tribunal reunido o día 23/03/2021, unha vez rematado a revisión do proceso selectivo, acordou o e a continuación se transcribe literalmente:

RESOLUCION DE ALEGACIÓNS, PROPOSICIÓN DEFINITIVA DE CONTRATACIÓN

As 10:50 horas do día 23 de marzo de 2021, reúnese por medios telemáticos o tribunal avaliador do proceso selectivo para a contratación de 2 animadores turísticos para a oficina de emprego dentro do plan concellos: emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2021, composto polos seguintes membros :

-Presidente:

- *Rafael Sanchez Bargiela*

-Vogais:

- *María de los Angeles Dominguez Ramos*
- *Javier Gonzalez López-Mosquera*

-Secretaría:

- *Alejo Ordoñez Mendez*

Acordou o seguinte:

1.- Resolución de alegacións:

Publicado o correspondente anuncio coa certificación da acta que contiña as valoracións provisionais obtidas polos candidatos e transcorrido o prazo outorgado para a formulación de alegacións ou reclamacións as mesmas, o Tribunal acordou resolver as presentadas en tempo e forma do seguinte xeito:

Alegacións presentadas por Dona Beatriz Olalla Fontán (N.R.E 2021-E-RE-699):

a/ Alegación á pregunta "O Camiño Portugués que consideración legal posúe" que ten como resposta válida "Ben catalogado"

A alegante expón que en diversas webs que menciona "non atopou ningunha información sobre a consideración legal do Camiño Portugués". De seguido recolle na súa alegación o contido da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia onde figura esta consideración como figura no seu escrito. Pero entende que a devandita Lei non forma parte do temario desta proba recollido na Resolución da Concellería de Personal de 03.03.2021.

Resposta:

No expresado temario figura o tema nº 19.- O Camiño portugués: Historia. Etapas. O camiño portugués o seu paso por Tui. Por tanto, os conceptos requiridos na pregunta están recollidos nas bases da convocatoria, por canto o coñecemento do Camiño de Santiago Portugués é abordado nun sentido amplo que abrangue todos os seus aspectos, tamén a súa consideración xurídica.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

En consecuencia, non corresponde a anulación

b/ Alegación á pregunta: "¿Qué categoría de protección legal posúen os gravados rupestres de Rozacús?" que resposta válida "Ben de Interese Cultural".

A alegante aduce que na consulta á páxina web do concello de Tui non figura esta consideración legal que unicamente pode atopar na consulta á Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia onde figura esta consideración. Entende que a devandita Lei non forma parte do temario desta proba recollido na Resolución da Concellería de Personal de 03.03.2021.

Resposta:

No referido temario figura o tema nº 17: O patrimonio de Tui: histórico, artístico, natural. Museos e coleccións visitables. Como no caso anterior a consideración legal dos bens integrantes do patrimonio cultural de Tui está incluída na pregunta.

Podemos engadir que unha procura na propia web do Concello de Tui informa sobre esta mesma consideración legal, nas seguintes noticias:

<http://tui.gal/gl/novas/o-concello-de-tui-pora-en-valor-os-petroglifos-de-rozacus-e-do-alto-do-coello-en-randufe>

Unha procura na web permite coñecer esta información, por exemplo na web : patrimoniogalego.net, que informa sobre este petroglifo de Rozacús e a súa consideración legal:

<http://patrimoniogalego.net/index.php/88891/2016/09/petroglifo-de-rozacus/>

En consecuencia, non corresponde a anulación

c/ Alegación sobre a pregunta nº 20 "A titularidade da Oficina de Turismo de Tui corresponde a:" tendo como resposta válida "Concello de Tui".

Na alegación tras unha exposición sobre as obrigas dos municipios turísticos conclúe o seguinte: "está mal formulada en relación á titularidade dado que a Lei 7/2001, de 27 de outubro, de turismo de Galicia tan só recolle os servizos mínimos dos municipios turísticos e tendo en conta que a oficina de turismo de Tui está situada nos baixos dos Museo Diocesano, titularidade da Diocese de Tui-Vigo".

Resposta.

Segundo o diccionario da Real Academia Española titularidad é Dicho de una persona o de una entidad: Que tiene a su nombre un título o documento jurídico que la identifica, le otorga un derecho o la propiedad de algo, o le impone una obligación.

Por tanto a titularidade é quen ten ao seu nome esta oficina, non a propiedade do inmovible. Amais nas propias bases deste proceso de selección figura mencionado ata en dúas oportunidades no punto 2: Obxecto da convocatoria que a mesma está referida a "Oficina Municipal de Turismo", non cabe pois dúbida da súa titularidade.

En consecuencia, non corresponde a anulación

d) Alegación contra a pregunta nº 28 "En que ano se celebrou a primeira festa da angula", tendo como resposta válida 1968.

A alegante aduce a dificultade para atopar esta información que unicamente pode atopar na web: tudensia.blogspot.com. Igualmente expresa que a confusión creada por que figura no ano 2015 como festa de la angula e no ano 2018 "pasa a denominarse festa do meixón 2018". Expresa que a devandita pregunta "non figura no temario da resolución" de convocatoria destas probas selectivas.

Resposta:

No temario figura o tema nº 18: O patrimonio inmaterial: festas, tradicións e gastronomía, por tanto está plenamente recollida no temario.

A pretendida confusión entre festa da angula e do meixón só é produto do descoñecemento deste produto do río Miño que en Tui recibe ambos nomes: angula e meixón, recibindo a festa ambas denominacións.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

*Nunha búsqueda en google sobre festa da angula de Tui aparecen xunto ao referido artigo do blog dedicado concretamente á primeira edición da festa (<http://tudensia.blogspot.com/2020/04/a-primera-festa-da-angula.html>), tamén figuran na primeiras liñas do resultados da búsqueda, carteis da V edición en 1972 ou da VII en 1974, o que permite deducir a data da primeira edición.
En consecuencia, non corresponde a anulación.*

Alegación presentadas por Dona Carmen Elsa Méndez Sanjurjo (N.R.E 2021-E-RC-1728):

*a/ Anulación da pregunta 8: "¿Qué categoría de protección legal posúen os gravados rupestres de Rozacús?" que ten coma resposta válida "Ben de Interese Cultural".
A alegante estima que non corresponde ao temario e nin na oficina de turismo de Tui nin en diversas webs consultadas figura esta información, e que unicamente pode responder ao abeiro do establecido na Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e que esta norma legal non figura no temario.*

Resposta:

No referido temario figura o tema nº 17: O patrimonio de Tui: histórico, artístico, natural. Museos e coleccións visitables. A consideración legal dos bens integrantes do patrimonio cultural de Tui está incluída na pregunta. Podemos engadir que unha procura na propia web do Concello de Tui informa sobre esta mesma consideración legal, nas seguintes noticias:

<http://tui.gal/gl/novas/o-concello-de-tui-pora-en-valor-os-petroglifos-de-rozacus-e-do-alto-do-coello-en-randufe>

Unha procura na web permite coñecer esta información, por exemplo na web : patrimoniogalego.net, que informa sobre este petroglifo de Rozacús e a súa consideración legal:

<http://patrimoniogalego.net/index.php/88891/2016/09/petroglifo-de-rozacus/>

En consecuencia, non corresponde a anulación

b/ Solicita a anulación da pregunta nº 2 "O Camiño Portugués que consideración legal posúe" que ten como resposta válida "Ben catalogado".

A alegante aduce que non atopa esta información na web do concello de Tui e que unicamente pode responder ao abeiro do establecido na Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e que esta norma legal non figura no temario.

Resposta:

No expresado temario figura o tema nº 19.- O Camiño portugués: Historia. Etapas. O camiño portugués o seu paso por Tui. Por tanto, os conceptos requiridos na pregunta están recollidos nas bases da convocatoria, por canto o coñecemento do Camiño de Santiago Portugués é abordado nun sentido amplo que abrangue todos os seus aspectos, tamén a súa consideración xurídica.

En consecuencia, non corresponde a anulación

c/ Anulación da pregunta nº 28 En que anos se celebrou a primeira festa da angula", tendo como resposta válida 1968.

A alegante aduce a dificultade para atopar esta información, pois nas webs consultadas "ninguna hace referencia al año de su primera celebración".

Resposta:

No temario figura o tema nº 18: O patrimonio inmaterial: festas, tradicións e gastronomía, por tanto está plenamente recollida no temario.

Nunha búsqueda en google sobre festa da angula de Tui aparecen xunto a artigo dun blog dedicado concretamente á primeira edición da festa (<http://tudensia.blogspot.com/2020/04/a-primera-festa-da-angula.html>), tamén figuran





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

na primeiras liñas do resultados da búsqueda, carteis da V edición en 1972 ou da VII en 1974, o que permite deducir a data da primeira edición.

En consecuencia, non corresponde a anulación.

d/ Anulación da pregunta nº 2 "A titularidade da Oficina de Turismo de Tui corresponde a:" tendo como resposta válida "Concello de Tui".

Estima a alegante que posúe unha "formulación sesgada e imprecisa (...) en función de algunhas fontes consultadas entre elas a Lei 33/2003 y según mi interpretación la Oficina de Turismo de Tui sería de titularidad pública lo que le otorga la gestión y administración de los bienes demaniales públicos al Concello".

Resposta.

Segundo o dicionario da Real Academia Española titularidad é Dicho de una persona o de una entidad: Que tiene a su nombre un título o documento jurídico que la identifica, le otorga un derecho o la propiedad de algo, o le impone una obligación.

Por tanto a titularidade é de quen ten ao seu nome esta oficina, o Concello de Tui. Amais nas propias bases deste proceso de selección figura mencionado ata en dúas oportunidades no punto 2: Obxecto da convocatoria que a mesma está referida a "Oficina Municipal de Turismo", non cabe pois dúbida da súa titularidade.

En consecuencia, non corresponde a anulación

e/ Anulación da pregunta nº 21: "Los campamentos de turismo de Galicia en cuantas categorías se clasifican"

Alega que na Lei 7/2001 de turismo de Galicia no seu artigo 66 establece que "los campamentos de turismo se clasificaran en las categorías fijadas reglamentariamente" cita como no Decreto 159/2019, de 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo recolle a existencia de cinco categoría segundo as estrelas que posúe pero "no obstante en la citada Ley no figuran estas cinco clasificaciones".

Resposta:

No temario figura o seguinte tema nº 7: Os servizos e establecementos turísticos. Tipos. Réxime de prestación. Signos distintivos e publicidade. Prezos. Clasificación administrativa. Normativa sobre clasificación e ordenación de establecementos hostaleiros en Galicia.

A normativa reguladora dos establecementos turísticos se realiza mediante decretos como establece a Lei de Turismo de Galicia e que cita expresamente a alegante, por tanto a clasificación concreta dos campamentos de turismo non é obxecto da Lei senón do decreto regulador correspondente, neste caso o decreto 159/2019. E esta normativa está recollida no temario.

En consecuencia, non corresponde a anulación.

Alegación presentadas por Dona Carmen Elsa Méndez Sanjurjo (N.R.E 2021-E-RC-1727):

A alegación versa sobre a valoración de méritos, indicando o seguinte,

"Por la presente solicito que rectifiquen la nota que me atribuyeron, a los méritos idiomas, en la prueba de selección de 2 animadores turísticos.

En función de la documentación aportada y en su poder me corresponden 0,75 en lugar de 0,50:

- B2 de Francés...0,50*
- B2 de Portugués 0,25*

Efectivamente revisada a documentación a aspirante dispon de B2 de Francés correspondendo 0,50 puntos e B2 de Portugués correspondendo 0,25 puntos polo que procede rectificar a puntuación da fase de concurso da interesada.

2. Valoracións definitivas:

A vista das alegacións as puntuacións finais unha vez rectificadas a valoración de méritos de Dona Camen Elsa son:





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

<i>Apelidos e nome</i>	<i>DNI</i>	<i>Total fase oposición</i>	<i>Total fase concurso</i>	<i>Total</i>
ALONSO PÉREZ SERGIO	***6737**	7,4	2	9,4
CARRERA ALONSO, LORENA	***7789**	6,2	0	6,2
COSTAS SEIJO, PABLO MANUEL	***5734**	6,6	0	6,6
FERNANDEZ GIRALDEZ, MARIA ANGELES	***5676**	9	2	11
GONZALEZ DOMINGUEZ, MARIA CARMEN	***0583**	7,8	0,25	8,05
GONZALEZ PEREIRA, FRANCISCO JAVIER	***5086**	7,4	0	7,4
LOPEZ RODRIGUEZ, AGUEDA	***7768**	7,4	2,25	9,65
MENDEZ SANJURJO, MARIA DEL CARMEN	***4251**	8,2	0,75	8,95
OLALLA FONTAN, BEATRIZ	***6239**	8,2	0	8,2
PÉREZ PERAL, RAQUEL	***9497**	8,2	0,25	8,45

A vista do anterior, este tribunal propón definitivamente para a súa contratación a :

- 1.- Dona María Angeles Fernández Giraldez, con DNI **5676**
- 2.- Dona Agueda López Rodríguez, con DNI **7768**.

Os aspirantes que superaron o proceso selectivo e que forman parte da lista de substitución unha vez realizado o desempate son na orde seguinte:

<i>Apelidos e nome</i>	<i>DNI</i>	<i>Total</i>
ALONSO PÉREZ SERGIO	***6737**	9,4
MENDEZ SANJURJO, MARIA DEL CARMEN	***4251**	8,95
PÉREZ PERAL, RAQUEL	***9497**	8,45
OLALLA FONTAN, BEATRIZ	***6239**	8,2
GONZALEZ DOMINGUEZ, MARIA CARMEN	***0583**	8,05
GONZALEZ PEREIRA, FRANCISCO JAVIER	***5086**	7,4
COSTAS SEIJO, PABLO MANUEL	***5734**	6,6
CARRERA ALONSO, LORENA	***7789**	6,2

Contra as resolucións e os actos de trámite deste Tribunal, si estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o sr. Alcalde, no prazo dun mes (LPAC).

E para que así conste, expido a presente, en Tui a data da sinatura dixital a marxe,
O Secretario do Tribunal, Alejo Ordoñez Méndez.

